



MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOPEDAGOXÍA

Traballo Fin de Mestrado
Regulamento.

ÍNDICE

| | | |
|------|-------------------------------------|----|
| 1. | Descripción..... | 3 |
| 2. | Contido..... | 3 |
| 2.1. | temáticas posibles..... | 3 |
| 3. | Competencias..... | 5 |
| 4. | Organización..... | 6 |
| 4.1. | Elección de temática | 6 |
| 4.2. | Tutorización | 7 |
| 4.3. | Entrega | 7 |
| 5. | Defensa | 8 |
| 6. | Avaliación..... | 8 |
| 6.1. | Criterios..... | 8 |
| 6.2. | Cualificación | 9 |
| 6.3. | Actas..... | 9 |
| 6.4. | Reclamacións e revisión..... | 9 |
| 7. | Estructura e aspectos formais | 9 |
| 7.1. | Elementos | 9 |
| 7.2. | Aspectos formais..... | 10 |

Anexos

- Anexo I. Esquema Orientativo para estructurar traballos de investigación
- Anexo II. Esquema Orientativo para estructurar traballos de planificación, innovación ou intervención psicopedagóxica.
- Anexo III. Calendario TFM curso 2014-2015

MESTRADO UNIVERSITARIO DE PSICOPEDAGOXÍA REGULAMENTO E ORIENTACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE MESTRADO

(Modificado e aprobado pola Comisión Académica do Mestrado na xuntanza de 20 de Outubro de 2016)

1. DESCRIPCIÓN

ASIGNATURA: 6 créditos.
CÓDIGO: 45112101415
CARGA HORARIA: 150 h.
UBICACIÓN: 2º cuatrimestre

2. CONTIDO

O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) consiste na elaboración dunha investigación ou reflexión final que ten como finalidade acreditar que o/a estudante ten adquiridas as competencias asociadas ao título e contempladas nas diversas asignaturas que conforman o plan de estudos.

O TFM debe ser orixinal e inédito. Ten que ser realizado de maneira individual por cada estudante, baixo a supervisión e a orientación dun titor/a. Para a presentación e avaliación do TFM será necesario ter superado os créditos correspondentes a todas as demais asignaturas do mestrado.

2.1. temáticas posibles:

As temáticas que se aborden no TFM deben ir encamiñados á innovación e mellora da práctica psicopedagóxica. Este obxectivo pode lograrse investigando sobre as diversas temáticas traballadas nas materias que integran o mestrado ou tamén centrando a investigación na práctica psicopedagóxica e analizando, deseñando ou avaliando a acción psicopedagóxica dun centro, institución ou servizo, que pode coincidir ou non con aquel no que o alumno/a realiza o practicum. En calquera caso calquera proposta debe incluír sempre o marco contextual e lexislativo, organizativo e teórico actualizado que xustifique as accións que se propoñen.

Nas propostas que non desenvolven unha fase de intervención deberanse xustificar as posibles contribucións dos resultados do TFM á mellora da práctica e/ou o coñecemento psicopedagóxico.

Con carácter orientativo propóñense as seguintes temáticas, sin prexuízo de que o alumnado, previa conformidade do seu titor/a faga outra proposta diferente que sexa coherente co curriculum do mestrado.

a) Traballos de investigación no ámbito psicopedagóxico

Deseño e desenvolvemento dunha investigación sobre calquera dos temas abordados nas asignaturas do mestrado.

(ver anexo II: esquema orientativo para estruturación traballo de investigación)

b) Planificación da atención psicopedagóxica: análise, deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas ou plans

b.1. Plan de Acción Titorial

b.2. Plan de Orientación Académica e Profesional

b.3. Plan de Atención á Diversidade

b.4. Plan de Convivencia

b.5. Adaptacións Curriculares de Centro, aula ou individuais

b.6. Procesos de detección, diagnóstico e avaliación de Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

....

c) Proxectos de innovación educativa no ámbito psicopedagóxico

c.1. Deseño e aplicación, se fose posible, dunha proposta ou programa de mellora sobre aspectos educativos de interese no ámbito psicopedagóxico como estratexias de aprendizaxe no ámbito lecto-escritor, fracaso escolar, convivencia e mediación en conflitos, relación familia- escola, absentismo, educación intercultural, etc.

c.2. Deseño, análise e/ou avaliación de recursos psicopedagóxicos e curriculares.

c.3. Deseño, análise e avaliación de recursos psicopedagóxicos apoiados nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

d) Proxecto de intervención extracurricular que integre a escola, a familia e o entorno sociocultural.

Trataríase de analizar e actuar sobre os recursos educativo do entorno e a comunidade co fin de coñecer e presentar propostas de mellora sobre aspectos asociados á igualdade de oportunidades e mellora do contexto educativo.

e) Análise dunha experiencia psicopedagóxica e proposta de mellora.

Para a realización deste proxecto pode utilizarse o propio centro de prácticas ao que asiste o alumno. Si na memoria do Practicum o alumno/a fai unha análise global do conxunto da acción psicopedagóxica do centro, no TFM deberá seleccionar algún dos aspectos da práctica profesional e elaborar un estudo en profundidade no que deixe constancia de que ten adquiridas as competencias do mestrado.

(Ver anexo II: esquema orientativo para estruturación de traballos de planificación, innovación ou intervención psicopedagóxica)

3. COMPETENCIAS

3.1. Competencias Básicas e Xerais

- Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

- Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
-

3.2. Competencias Transversais

- Capacidade de creatividade e innovación
- Capacidade de resolución de problemas
- Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica
- Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e escrita
- Traballar de forma colaborativa

3.3. Competencias específicas

- Fomentar a investigación-acción para mellorar as prácticas educativas e profesionais favorecendo o traballo cooperativo
- Redactar, presentar, defender informes e outros documentos básicos que contribúan a unha óptima comunicación en contextos multidisciplinares
- Ser capaz de deseñar, desenvolver e avaliar procesos de investigación educativa, utilizando os métodos máis apropiados á natureza do problema, á finalidade da investigación e os criterios científicos máis adecuados, con especial énfase nos procesos de investigación na aula

4. ORGANIZACIÓN

4.1. Elección da temática

Ofertarase ao alumnado unha relación das temáticas xerais que ofrece cada profesor/a titor, así como o número de TFM que correspondería a cada docente. Posteriormente, cada estudante concretará e definirá con maior precisión o seu tema de investigación co asesoramento do seu titor/a.

A elección de temáticas e titor/a por parte do alumnado pode realizarse por acordo entre todo os estudantado matriculado no TFM, de non producirse este acordo, farase por elección en función do baremo de selección utilizado para o acceso ao mestrado.

O número de traballos que titoriza cada profesor ou profesora en cada curso académico será aprobado pola Comisión Académica do Mestrado tendo en conta a distribución da docencia nas áreas e a individual de cada docente no Mestrado. Excepcionalmente, se un área estima conveniente equilibrar a dedicación ao TFM do seu profesorado, pode propoñer á Comisión que algún profesor ou profesora sin docencia no mestrado se incorpore ao mesmo para a dirección de TFM.

Na data fixada no calendario anual o alumno/a entregará ao coordinador/a do mestrado o título e un breve resumo do contido do seu traballo (máximo 250 palabras). Será indispensable o visto bo do titor para a súa aceptación.

O cambio de tema e título do TFM deberá contar co visto bo do titor/a.

4.2. Titorización

O TFM será realizado baixo a supervisión dun titor/a académico, que salvo excepcións debidamente xustificadas, será tamén profesor/a do mestrado e que terá as seguintes funcións:

- Orientar ao alumno/a e facer un seguimento do seu traballo, para o que se fixarán as titorías correspondentes.
- Dar o visto bo á temática elexida polo alumno/a ou a calquera modificación da mesma que este solicite.
- Asesorar respecto á estrutura do traballo, métodos de investigación, fontes documentais e redacción.
- Asesorar na presentación, exposición e defensa do traballo
- Dar o visto bo do traballo definitivo para a súa presentación e defensa pública.

4.3. Entrega do TFM

Lugar: Entregarase na secretaría administrativa do decanato do centro

Datas: Tanto as datas de entrega como os períodos de defensa e avaliación serán fixadas cada curso pola Comisión e deberán estar publicadas no inicio do segundo cuatrimestre.

Requisito indispensable: Visto bo do titor/a a través da secretaría virtual.

Nº de exemplares: Tres exemplares en formato papel e unha copia exacta en formato PDF e soporte electrónico. Na superficie debe figurar o título do mestrado, curso académico, nome do autor/a e nome do titor/a. Esta copia xunto cunha copia en papel, será remitida pola secretaría á biblioteca do centro e poderá ser incorporada ao Repositorio Institucional da UCC, cando o alumno e titor o autoricen previamente. Nese caso quedará rexistrada como unha publicación en formato electrónico, salvagardándose os dereitos de propiedade intelectual do autor/a.

5. EXPOSICIÓN E DEFENSA

Requisito: Ter aprobadas todas as materias do mestrado.

Oportunidades: Tal como fixa a normativa da Universidade de A Coruña existirán dúas oportunidades en cada convocatoria, que se realizarán nos meses de xuño e setembro.

A exposición e defensa:

A exposición será pública. O alumno/a dispoñerá de quince minutos para expoñer o traballo e poderá empregar os medios de apoio audiovisuais ou doutro tipo pertinentes. Tras a exposición os membros das comisións avaliadoras poden formular as preguntas ou solicitar as aclaracións que consideren oportunas. O presidente/a da Comisión pode establecer os tempos máximos de intervención do alumno/a ou dos membros da comisión avaliadora.

Comisións avaliadoras: Estarán integrada preferentemente por profesorado do mestrado. Cada comisión estará formada por tres membros titulares: Presidente/a, secretario/a, vogal e dous suplentes. As comisións nomearanse para todo o curso, podendo alternarse titulares e suplentes nas distintas oportunidades.

6. AVALIACIÓN

6.1.Criterios: A Comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios:

- Profundidade e dominio dos temas e contidos que se desenvolven
- Grao de orixinalidade e aportacións ao coñecemento psicopedagóxico.
- Metodoloxía, estrutura e organización apropiadas

- Uso de bibliografía axeitada, suficiente e actualizada.
- Corrección formal na presentación escrita e redacción
- Claridade expositiva e expresiva na defensa oral.

6.2. Cualificación: Outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:

- 0-4,9: Suspenso;
- 5,0-6,9: Aprobado;
- 7,0-8,9: Notable;
- 9,0-10 Sobresaínte.

6.3. Actas: O secretario/a da Comisión de Avaliación introducirá a cualificación de cada alumno/a na acta electrónica da aplicación informática da UDC, tal e como esta determine. Trasladará á Coordinación do Mestrado as actas de avaliación debidamente cumplimentadas.

6.4. Reclamacións e revisión das cualificacións: o alumno/a que non esté conforme coa avaliación recibida pode solicitar revisión da mesma seguindo os períodos e criterios establecidos na normativa da UDC.

7. ESTRUCTURA E ASPECTOS FORMAIS

7.1. Elementos: Todo proxecto debe de incorporar os seguintes elementos:

1. Portada.
Nela debe figurar: Nome da Universidade e do Mestrado Universitario de Psicopedagogía, nome do autor/a nome do titor/a, Título do traballo. Data.
2. Índice paxinado
3. Resumo do plan ou proxecto de investigación.
4. O plan de acción ou investigación propiamente dito cos apartados acaídos según a modalidade elexida (ver anexos I, II)
5. Conclusións
6. Referencias bibliográficas
7. Anexos, se houber.

7.2. Aspectos formais

Débense ter en conta as seguintes normas:

- A extensión no superará as 50 páxinas (DIN A4), excluindo os anexos.
- Tipo de letra Times New Roman 12 pt., Arial 11 pt ou similar.
- Texto xustificado. Interlineado 1,5. Marxes de 3 cm dereita e esquerda; 2,5 superior e inferior.
- Páxinas numeradas.
- Impresión do documento a dobre cara.
- Índice paxinado
- Referencias bibliográficas seguindo unha normativa uniforme

Anexos

ANEXO I.

ESQUEMA ORIENTATIVO PARA ESTRUCTURAR TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

1. Definción e formulación do problema de investigación.
2. Interés ou pertinencia da investigación
3. Fundamentación teórica e estado da cuestión
4. Definición concisa dos obxectivos ou propósitos da investigación.
5. Descrición e xustificación da metodoloxía a utilizar
6. Preguntas de investigación ou hipóteses iniciais
7. Instrumentos a utilizar
8. Recollida, análise e interpretación de datos
9. Resultados da investigación.
10. Conclusións
11. Referencias bibliográficas
12. Anexos

ANEXO II.

ESQUEMA ORIENTATIVO PARA ESTRUCTURAR TRABALLOS DE PLANIFICACIÓN, INNOVACIÓN OU INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

1. Definición do obxecto ou propósito do Proxecto ou Plan Psicopedagóxico: Debe explicar qué se vai a facer coa maior precisión posible. Título, xustificación do seu sentido e oportunidade.
2. Descrición e análise do contexto no que se desenvolve o proxecto
3. Planteamiento da Pregunta principal ou definición da situación problemática á que intenta respostar.
4. Descrición dos elementos do Proxecto ou Plan: Contido esencial do proxecto, Obxectivos que se pretenden acadar, Tarefas a realizar
5. Persoas, grupos ou entidades aos que vai dirixido. Profesionais implicados. Recursos materiais e profesionais que require. Espacio e tempos nos que se levará a cabo.
6. Desenvolvemento do programa: Fases
7. Avaliación da súa posta en práctica, si ten lugar.

8. Conclusións e Valoración da súa aplicabilidade e utilidade na labor psicopedagóxica.
9. Referencias bibliográficas
10. Anexos, se houber